

Anuncio

En cumprimento dos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, elévase a definitivo, o acordo plenario do 5 de xullo de 2013 de aprobación da Ordenanza Municipal para a defensa e protección das vías municipais, en relación coa saca de madeira en As Nogais. Transcorridos trinta días hábiles contados dende a data de inserción do edicto de aprobación inicial, publicado no BOP nº 167 do 22 de xullo de 2013, foron presentadas reclamacións á referida ordenanza no periodo de exposición pública. Estas reclamacións foron resoltas polo Pleno do Concello en sesión do 6 de setembro de 2013 procedendo nesta mesma sesión á aprobación definitiva do referido regulamento. A medio da presente publícase, para o seu xeral coñecemento, o texto íntegro da ordenanza.

Contra o referido acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse no prazo de 2 meses, a contar desde a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, o recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos na normativa reguladora da devandita xurisdición.

ORDENANZA MUNICIPAL PARA A DEFENSA E PROTECCIÓN DAS VÍAS MUNICIPAIS, EN RELACIÓN COA SACA DE MADEIRA EN AS NOGAIS.

Art. 1º.-Obxecto da normativa.-Constitúe o obxecto desta ordenanza o establecemento dunha regulación no municipio de As Nogais das sacas de madeira, que faga compatible a liberdade da empresa e o desenvolvemento e explotación do sector forestal, coa preservación do medio e a conservación dos camiños e pistas municipais e a seguridade vial.

Art. 2º.-Concepto de saca de madeira.-Por saca de madeira deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do municipio de As Nogais que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de tala, incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos as fincas, preparacións do terreo, etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, carga e transporte).

Art. 3.-Requisitos para as operacións de saca de madeira.-Sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións sectoriais que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios para cortar plantacións forestais, dentro do municipio de As Nogais cun peso estimado superior a 8 toneladas métricas, será obrigatorio presentar nas oficinas municipais unha comunicación por escrito cunha antelación mínima de tres días.

O escrito de comunicación previa será asinado polo madeireiro, debendo constar nel os seguintes datos:

1.-Datos identificativos do propietario forestal e do madeireiro:

Persoa física: Nome, apelidos, número do DNI ou NIF, enderezo e teléfono

Sociedade ou persoa xurídica: enderezo, CIF, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa e teléfono.

2.-Especie de madeira obxecto da corta e toneladas métricas de madeira que se prevén extraer.

3.-Nome da finca ou monte afectado, lugar e parroquia onde se sitúa. Identificación en plano catastral.

4.-Datas previstas de inicio e remate dos traballos.

5.-Vehículos e maquinaria a empregar nas operacións de corta e saca.

6.-Lugar onde se depositará á espera da súa carga a madeira.

7.-Vías a empregar e data prevista para o transporte da madeira.

8.-Sistema previsto para a limpeza das vías públicas afectadas polas operacións de saca de madeira.

9.-De ser o caso, fotocopia compulsada de permiso, autorización ou licenza de corta expedida pola autoridade competente.

10.-Xustificante de constitución da correspondente fianza na forma e contía establecida no art. 5º.

O Concello de As Nogais terá a disposición dos interesados un modelo normalizado do escrito de comunicación previa.

O Concello de As Nogais requirirá ao madeireiro, ou ao propietario do monte ou predio forestal a presentación dun escrito de posta en coñecemento cando comprobe que o madeireiro non cumpriu coa súa obriga de presentar nas oficinas municipais o de comunicación previa. O contido deste escrito de posta en coñecemento será o mesmo que o de comunicación previa.

Art. 4º.-Obrigas nas operacións de saca de madeira.- O madeireiro está obrigado á limpeza e retirada dos residuos da corta da madeira de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de

madeira. Esta obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada.

Ademais estará obrigado a sinalizar os viais situados nas zonas de extracción e depósito da madeira, conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade vial.

Prohíbese terminantemente usar as vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira. Entenderase por depósito irregular, para os efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais.

O madeireiro ou propietario forestal deberán derrubar e repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso á finca ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non inunde e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

De acordo coa normativa vixente en materia urbanística, queda prohibido efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deben ser considerados como movementos de terra.

Art. 5º.-Responsabilidade.-O madeireiro será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da corta, depósito e transporte de madeira, debendo reparar o dano causado. O concello de As Nogais velará especialmente para que as ditas operacións de saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en axeitado estado de limpeza e seguridade.

A obriga da que se fai referencia neste artigo será esixible non só polos actos ou comisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora do madeireiro, interveña nas operacións de corta e saca da madeira por conta, consentimento ou coa aquiescencia do madeireiro, e en xeral polos cometidos por aquelas persoas de que deba responder.

O madeireiro deberá constituír unha fianza ,en metálico ou aval bancario, a prol do Concello na contía determinada polos servizos técnicos municipais en función dos seguintes parámetros: Tipo de vía, Tm. de madeira extraída, época do ano, lonxitude da vía e vehículo e maquinaria empregada. Esta garantía será devolta polo Concello unha vez rematadas as operacións de corta e saca de madeira, a petición do madeireiro e previo informe favorable dos devanditos servizos técnicos municipais.

Art. 6.-Infraccións.-As infraccións a esta ordenanza cualifícanse en moi graves, graves e leves.

Constitúen infraccións moi graves:

- a) Non presentar o escrito de posta en coñecemento, unha vez requirido para elo polo Concello.
- b) Deixar as vías municipais nun moi deficiente estado de suciedade, ocasionando unha situación de risco para a seguridade vial.
- c) Causar danos nas pistas municipais por valor superior a 6.000 euros.
- d) A comisión polo madeireiro de dúas faltas graves que sexan firmes na vía administrativa sen que transcorra máis dun ano.

Son infraccións graves:

- a) Non presentar o escrito de comunicación previa.
- b) Deixar as vías municipais en deficiente estado de suciedade.
- c) Causar danos nas pistas municipais por valor inferior a 6.000 euros.
- d) Non demoler ou non repor ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abriron para acceso ás fincas e) A comisión polo madeireiro de dúas faltas leves que sexan firmes na vía administrativa sen que transcorra mais dun ano.

Considéranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e cuxa sanción corresponda ao Concello.

Art. 7º.-Sancións.-As infraccións da presente ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

Infraccións leves: multa de ata 300,00 euros

Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 301,00 e 1.500,00 euros.

Infraccións moi graves: Multa de contía comprendida entre 1.501,00 e 3.000,00 euros.

As sancións impórnanse previa incoación e instrución do correspondente expediente sancionador con audiencia ao interesado, correspondendo á Alcaldía, a resolución do expediente sancionador.

O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente. O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen prexuízo da existencia, se fose o caso das correspondentes responsabilidades civís e penais.

As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e prexuízos a que houbera lugar.

Art. 8.-Requirimentos.- Advertido o incumprimento da presente ordenanza e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirase ao responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso repare os danos e prexuízos causados, outorgándolle para elo un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais que, en calquera caso non poderá exceder dun mes.

Transcorrido este prazo sen que se de cumprimento ao requirimento, procederá sen necesidade de novas modificacións, a súa execución subsidiaria cargándolle os custes desta á persoa responsable.

Disposición final.-A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

As Nogais, a 5 de Xullo de 2013.-O Alcalde-Presidente, Jesús Manuel Núñez Díaz

R. 1307
